

ANUNCIO

Secretaría

Asunto: Lista definitiva de aspirantes admitidos no proceso de selección dunha (1) praza de TRACTORISTA LIMPEZA DE PRAIAS, PERSOAL laboral FIXO discontinuo, praza incluída na OEP 2018 (execución de sentenza)

Mediante resolución da alcaldía núm. 186/2022 de data 10.03.2022, adoptase o seguinte acordo que se transcribe a continuación:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Lista definitiva de aspirantes admitidos-excluídos no proceso de selección dunha (1) praza de TRACTORISTA LIMPEZA DE PRAIAS, PERSOAL laboral FIXO discontinuo, praza incluída na OEP 2018 (execución de sentenza)

Expediente 2021/E001/000013

Mediante resolución da Alcaldía núm. 1048/2021 procedeuse á aprobación das Bases reguladoras do procedemento de selección dun (1) tractorista limpeza de praias, persoal laboral fixo discontinuo, praza incluída na OEP 2018 (en execución de sentenza), polo sistema de concurso-oposición, procedendo á convocatoria das correspondentes probas selectivas.

As devanditas bases publicáronse no BOP nº 237 de 15.12.2021. No DOG nº 243 de 21.12.2021 publicouse un extrato da citada convocatoria. E no BOE nº 304 de 21.12.2021, publicouse a convocatoria comezando o prazo de presentación de instancias, 20 días naturais; rematado o prazo de presentación de instancias, e consonte co establecido na Base 6ª, procede a publicación da Lista definitiva de admitidos e excluídos no devandito procedemento de selección.

Consonte ao anterior, e no exercicio das facultades atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos ao procedemento de selección dunha praza de Tractorista de limpeza de praias incluída na OEP de 2018, en execución de sentenza, que a continuación se indica:

ADMITIDOS			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA
1	JUAN CARLOS SILVA SÁNCHEZ	**7798***	SÍ
2	MANUEL JESÚS VAAMONDE ROIS	***8117**	NON (*)
3	MANUEL VIDAL SOMOZA	*3266***	NON (*)

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 260.771 exp. 2019/E001/000009

(*) Poderá presentarse con carácter previo á realización da proba.

Segundo.- De conformidade coa base 7ª, designar ao seguinte Tribunal Cualificador das probas:

Presidente:

Titular: Dona Loreto López Fernández (Funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Malpica de Bergantiños) suplente: Paloma Caínzos Orduna (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Rianxo)

Secretaria:

Titular: Mónica Pichel García (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Rianxo); suplente Vicenta Avelina Campaña Martínez (funcionaria de carreira do Concello de Rianxo)

Vogais:

1º.- Vogal: María Isabel Pena Barca, (funcionaria de carreira do Servizo de Arquitectura e Mantemento da Deputación Provincial da Coruña); suplente: María Dolores Pita Da Veiga, (funcionaria de carreira do Servizo de Arquitectura e Mantemento da Deputación Provincial da Coruña);

2º.- Vogal: Víctor Ramón Anllo Riveiro, Funcionario do Servizo de Arquitectura e Mantemento da Deputación Provincial da Coruña) (suplente: Floriano Estévez Rodríguez (Funcionario do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña)

3º.- Vogal: Jose Julio Vila Feal , laboral fixo do Concello de Paderne (suplente: Juan Carlos Gómez Pérez (funcionario de carreira do Concello de Bergondo)

Terceiro.- Convocar aos membros do tribunal, ás **9:00 horas do día 24 de marzo de 2022** na Casa do Concello de Rianxo para os efectos da constitución do Tribunal e avaliación dos méritos da fase de concurso.

Cuarto.- Convocar, en chamamento único, aos aspirantes á celebración da primeira proba da oposición, o día **24 de marzo de 2022 ás 10.30 horas**, no Auditorio do Concello de Rianxo, sito en Rúa dos Auditores da Rianxeira s/n, Rianxo.

Os aspirantes deberán presentarse co documento nacional de identidade para os efectos da súa identificación.

Quinto.- Determinar as seguintes medidas preventivas de obrigado cumprimento na data de celebración do primeiro exercicio para todos os aspirantes convocados:

- Deberán acudir ao chamamento, sen acompañantes, salvo casos de forza maior e necesidade acreditada, debendo gardar entre eles a distancia de seguridade de 1,5

metros ata o momento de chamamento para entrar no recinto do exame.

- Deberán vir provistos obrigatoriamente de máscara cirúrxica ou equivalente (FFP2 homologada) para a entrada no recinto do exame. A negativa de uso obrigatorio de máscara, significará a imposibilidade de acceder ao recinto de exame, resultando directamente como “Non presentado”.
- Deberán vir provistos do seu propio bolígrafo azul ou negro e demais material de escritura que consideren preciso, non admitíndose a realización do exame con lapis.
- Deberán facer uso obrigatorio do xel hidroalcohólico posto a disposición á entrada e saída do exame.
- Durante o desenvolvemento do exercicio realizaranse tarefas de ventilación durante un mínimo de 30 minutos ao inicio da xornada, así como de forma frecuente durante esta.
- Tras a finalización do exame, abandonarán o recinto do exame segundo se lles vaia indicando á saída, debendo abandonar a instalación e evitando, en todo momento, aglomeracións que persoas que non respecten as distancias de seguridade interpersoal.
- O Tribunal reservarase a adopción de medidas complementarias de control no acceso como lectura de temperatura aos aspirantes, non permitindo o acceso daquelas que presenten temperatura superior aos 37,5ª e calquera outra que estime procedente segundo as instrucións sanitarias do momento.

Sexto.- A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante a alcaldía-presidencia, no prazo dun mes a contar dende a publicación desta resolución, de acordo co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administración Común das Administracións Públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado Contencioso-Administrativo da Coruña, de acordo coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen perxuízo da realización de cantas accións estimen oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.”

Rianxo, 10 de marzo de 2022

Asinado electronicamente, o alcalde, Adolfo Muíños Sánchez